



BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 TRACTORISTAS Y 5 PEÓNS ESPECIALISTAS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS DURANTE A TEMPADA DE VERÓN2018, NO CONCELLO DE MIÑO.

1.^a.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases regula-lo procedemento de selección mediante o sistema de oposición libre, para a formación dunha bolsa de traballo da que posteriormente se proceda ao chamamento e contratación laboral temporal a xornada parcial de 35 horas semanais de 3 tractoristas e 5 peóns especialistas para cubrir o servizo de “Limpeza de praias durante a tempada de verán 2018 no Concello de Miño”, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública e demais normativa de pertinente aplicación.

A modalidade do contrato que ligará ca Corporación convocante ao/á aspirante finalmente contratado será laboral temporal por obra ou servizo determinado a tempo parcial, por un período de dous meses e oito días.

As retribucións dos postos de tractorista e de peóns especialistas serán de 974,33 € mensuais brutos, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Os postos de traballo obxecto da presente convocatoria terán, entre outras, as seguintes funcións:

- Limpeza dos areais das praias do concello e zonas anexas.

2^a.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.



c) **Capacidade funcional:** Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establecécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) **Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencia. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) **Compatibilidade:** Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) **Titulación:** non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

g) Para os postos de tractoristas, estar en posesión do carnet de conducir B.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumplir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- Presentación de instancias.

Os que desexen tomar parte do procedemento selectivo desta praza de persoal laboral temporal, presentarán solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, no modelo oficial que figura nas presentes bases (Anexo I ou Anexo II según corresponda), nas que se fará constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 2ª.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas) durante o prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria nun xornal e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica. As instancias tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4



da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicálo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: correo@concellodemino.gal, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante. Así mesmo, se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude, doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- No seu caso, copia do carnet de conducir B.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demás aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo únicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

4ª.- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>), e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.



Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección

5º.- Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o dispuesto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningúen.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellases, o Tribunal, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención a colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.,

Os membros do Tribunal deberán abstenerse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.



O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xular as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisiós do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioria de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6º.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

A data e más a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela. Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolleis aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, pudendo ser en horario de mañá ou tarde.

A orde na que actuarán os aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente establecerase mediante sorteo previo.



Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

8.ª.-Sistema de selección.- Establécese como sistema de selección o de oposición.

Constará dos seguintes exercicios:

A) Para as prazas de tractorista:

A.1) Primeira proba.- Consistirá en contestar por escrito a 20 preguntas tipo test sobre o temario anexo III. Puntuándose de 0 a 20, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 10 puntos.

A.2) Segunda proba.- Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo dun tractor con remolque. Puntuándose de 0 a 10 puntos, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 5 puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no primeiro e segundo exercicio.

En caso de empate na puntuación, se dirimirá a favor do aspirante que obtivera a maior nota na segunda proba, e si persiste o empate por sorteo.

B) Para as prazas de peóns especialistas

Consistirá en contestar por escrito a 20 preguntas tipo test e un caso práctico, sobre o temario anexo IV. Puntuándose de 0 a 20, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 10 puntos.

En caso de empate na puntuación, se dirimirá a favor do aspirante que obtivera a maior nota no caso práctico, e si persiste o empate por sorteo.

9.ª.- Relación de aprobados e constitución da bolsa de traballo.-

O tribunal fará públicas no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello, a relación definitiva dos aspirantes aprobados e pola orde da puntuación obtida. A lista de puntuacións determinará a orde de clasificación definitiva na bolsa de traballo que deberá ser aprobada por Resolución de Alcaldía. A vixencia da bolsa coincidirá coa duración prevista da contratación obxecto das presentes bases.

10.º.- Formalización do contrato.- Producida a necesidade de contratación procederase ó chamamento da persoa que, segundo a orde de prelación que figura na bolsa de traballo, lle corresponda ser chamado. O chamamento efectuarase por calquera medio que permita ter



constancia da súa recepción polo interesado. Os que sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciase ao mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídos das listas, agás casos de forza maior debidamente acreditados. De producirse este suposto chamarase ao seguinte da lista.

11.^a.-Presentación de documentación.-

Co obxecto de subscibir o correspondente contrato laboral, o/a aspirante proposto/a deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, achegando a seguinte documentación actualizada:

- a) Certificado médico acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Non suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- c) Declaración xurada de non encontrarse incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2^a, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Presentada a documentación polo/a interesado/a, o Sr. Alcalde efectuará a contratación, a favor do/a candidato/a proposto/a.

12^a.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do Tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Concello de Miño
Rúa da Carreira, 38
15630 Miño-A Coruña



O Concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente, Facenda e Persoal

Agustín Andrés Andrés



ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA PEÓN ESPECIALISTA

D./Dna., con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións e comunicacóns en C.P....., localidade de..... provincia de, teléf. e E-mail:

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de Miño a través do anuncio publicado o pasadono..... para a **FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 5 PEÓNS ESPECIALISAS DE LIMPEZA DE PRAIAS PARA A TEMPADA DE VERÁN 2018.**

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total depáxinas.

Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5º.- Que coñeko e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admite para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir as prazas convocadas.

En, a de de 2018.

Asdo.-

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.



ANEXO II: MODELO DE INSTANCIA TRACTORISTA

D./Dna., con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións e comunicacóns en C.P....., localidade de..... provincia de, teléf. e E-mail:

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de Miño a través do anuncio publicado o pasadono..... para a **FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 TRACTORISTAS DE LIMPEZA DE PRAIAS PARA A TEMPADA DE VERÁN 2018.**

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total depáxinas.

- Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Fotocopia do carnet de conducir B.

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5º.- Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admita para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir as prazas convocadas.

En, a de de 2018.

Asdo.-

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.



ANEXO III: TEMARIO (Tractoristas)

- 1.- O municipio de Miño.
- 2.- Conceptos básicos na prevención de riscos laborais.
- 3.- Sinalización de obras.
- 4.- Sinalización viaria.
- 5.- Aparatos e instrumentos de limpeza de praias
- 6.- Mantemento de maquinaria.
- 7.- Residuos.
- 8.- Manipulación de cargas.
- 9.- Mantenimiento de zonas verdes. Jardinería.
- 10.- Os Concellos. Competencias e órganos de goberno.

ANEXO IV: TEMARIO (Peón especialista)

- 1.- O municipio de Miño.
- 2.- Conceptos básicos na prevención de riscos laborais.
- 3.- Sinalización de obras.
- 4.- Aparatos e instrumentos de limpeza de praias.
- 5.- Organización do traballo.
- 6.- Residuos.
- 7.- Manipulación de cargas.
- 8.- Mantenimiento de zonas verdes. Jardinería.
- 9.- Equipos de traballo e equipos de protección individual.
- 10.- Os Concellos. Competencias e órganos de gobernó.